



## Ditames Comisión PEPRI entre o 01/07/2024 e o 30/09/2024

- **Rúa Real, nº. 51**

Nivel de protección: III estrutural. Ficha nº. 8823002. (TB).

Actuación proxectada: Reparar a cuberta, substituír o lucernario da escaleira, do patio interior e pintado do patio.

Obxecto da consulta: Avaliar a xustificación da ventilación do patio que se cubre.

Ditame:

Consonte o ditame anterior, infórmase con carácter favorable a intervención que se proxecta.

As planchas de fibrocemento translúcido teñen que substituírse por outras novas de outro material e disporse de tal xeito que permita a ventilación do espazo.

- **Rúa Rego de Auga, nº. 6**

Nivel de protección: área de Respecto BIC CH, protección nivel IV. Ambiental. Ficha nº. 8924509.

Actuación proxectada: Reparar a cuberta do edificio .

Obxecto da consulta: Estudar a obriga de adaptar a cuberta, AC da ficha do catálogo.

Ditame:

As obras que se solicitan son de mantemento e conservación polo que a obriga de adaptar a cuberta prevista na ficha que lle corresponde a este edificio non resulta esixible. Non en tanto, débese lembrar que calquera intervención de máis alcance determinará que se adapte a cuberta consonte o previsto na dita ficha.

- **Rúa Orillamar nº. 11-baixo**

Nivel de protección: V. Ambiental no conxunto. Ficha nº. 9128310.

Actuación proxectada: cambio do uso do local a vivenda.

Obxecto da consulta: avaliar a composición da fachada da planta baixa que se proxecta.

Ditame:

A comisión, logo de avaliar as alegacións que se achegan, informa favorablemente o proxecto presentado toda vez que se realizaron os cambios requiridos no ditame anterior. Recórdase que a carpintería, consonte o artigo 115 do PEPRI, ten que ser de madeira.



## Concello da Coruña

- **Praza Maria Pita, nº. 25**

Nivel de protección: I Monumental. Ficha nº. 8924312.

Actuación proxectada: Mudar a cubrición e reparar o patio interior.

Obxecto da consulta: admisibilidade de substituír o lucernario por dúas ventás tipo velux para iluminar o espazo baixo cuberta.

Ditame:

Logo de avaliar a documentación que se incorporou ao procedemento, a comisión reitera o ditame anterior:

*O nivel de protección deste edificio é monumental polo que se prohíbe incrementar a súa altura e as dimensións do oco do lucernario, consonte o previsto no artigo 70 e 77 do PEPRI.*

*Ao repararen o patio deberán eliminarse os elementos desconformes dispostos neste, consonte o artigo 71 do PEPRI.*

*Infórmase favorablemente as obras de mantemento e conservación na cubrición e no patio baixo as ditas condicións, e ao finalizar estas, deberá presentarse no prazo de dez días unha reportaxe fotográfica completa que deixe acreditado o resultado da intervención.*

- **Rúa Orzán, nº. 21**

Nivel de protección: II. Integral. Ficha nº. 8725001 8924312.

Actuación proxectada: cambiar os falsos teitos da planta baixo cuberta e os canlóns.

Obxecto da consulta: abrir ocos na planta baixo cuberta.

Ditame:

As obras cuxa execución se solicita son unicamente de mantemento e conservación, polo que se informan favorablemente, toda vez que se acomodan ao previsto nos artigos 70 e 78 do PEPRI e á ficha que lle corresponde ao edificio.

- **Rúa San Carlos, nº. 6**

Nivel de protección: IV. Ambiental. Ficha nº : 932202. Zona BIC CH.

Actuación proxectada: Intervir e reparar a fachada do edificio.

Obxecto da consulta: Obriga de eliminar os elementos desconformes.

Ditame:

As obras que se solicitan son de mantemento e conservación polo que a obriga de eliminar os elementos impropios, consonte o artigo 71 do PEPRI, non se esixen para este proxecto.

Consonte o previsto na ficha que lle corresponde a este edificio débese lembrar que calquera outra



intervención de maior alcance determinará que se eliminen todos os elementos desconformes.

- **Rúa Real nº. 86 - PB, local 1**

Nivel de protección: III. Estructural Ficha nº. 86. Área respecto BIC CH.

Actuación proxectada: Reformar o local para implantar a actividade de venda de pan.

Obxecto da consulta: limitacións consonte o nivel de protección. Condicións.

Ditame:

Para emitir un ditame respecto da intervención para que solicita licenza compe emprazar á responsable das obras para realizar unha inspección arqueolóxica e comprobar a afección no subsolo da rede de saneamento disposta.

A carpintería que se proxecta incumpre as determinacións do artigo 115 do PEPRI que esixe que nos edificios catalogados, neste caso conta con protección de nivel III estrutural, deberá ser de madeira pintada.

- **Rúa Orzán, nº. 104 e rúa Cordelería, nº. 9**

Nivel de protección: sen protección.

Actuación proxectada: Solicitud de ditame para cambiar a porta de acceso.

Obxecto da consulta: Cores admitidas e condicións.

Ditame:

A solicitude que ten por obxecto o cambio da porta de acceso infórmase favorablemente para este edificio, que non conta con protección específica.

- **Rúa Paseo General Sir John Moore, nº. 2**

Nivel de protección: II. Integral. Ficha nº. 9326207. Galerías.

Actuación proxectada: Renovar as galerías de madeira de pino de oregón en mal estado do Hospital Abente e Lago.

Obxecto da consulta: Solicitud de ditame sobre o despece de vidros e condicións de intervención nas galerías.

Ditame:

A comisión, logo de avaliar a situación actual do edificio e a evolución sucesiva das súas fachadas, considera que as galerías teñen que manter o despece actual e o seu deseño, tendo en conta o seu valor ambiental e a súa presenza na actual contorna urbana.



- **Espazo público entre a rúa Juana de Vega e a Autoridade Portuaria**

Nivel de protección: II. Integral. Ficha nº. 8725001 8924312.

Actuación proxectada: Remodelar a zona dos cantóns entre a rúa Juana de Vega e a Autoridade Portuaria, consonte o proxecto de execución, promovido polo Concello da Coruña.

Obxecto da consulta: Emitir ditame sobre o proxecto.

Ditame:

Logo da exposición do proxecto polo seu equipo redactor, a comisión informa favorablemente a intervención que se proxecta baixo as seguintes consideracións:

- Deberase realizar unha intervención arqueolóxica con alcance de sondaxes e de control arqueolóxico naquelas zonas de especial sensibilidade arqueolóxica.
- Deberase estudar o espazo da Aduana para que a intervención neste non impida a visión dos edificios do século XVIII que conforman o que era a antiga fachada marítima polo que, en todo caso, debe poñelos en valor.

A arquitecta representante da Xunta de Galicia fai constar que se remite ao ditame da Dirección Xeral de Patrimonio:

*“A Directora xeral do Patrimonio Cultural resolveu autorizar a remodelación da zona dos Cantóns entre a rúa Juana de Vega e a Autoridade Portuaria en relación ao territorio histórico do Camiño de Santiago tendo en conta o establecido no punto 5 desta resolución:*

- *As casetas de obra e amoreamentos de material situaranse preferentemente fóra do territorio histórico do Camiño Inglés de Santiago.*
- *Durante as obras non se interromperá o paso das/os peregrinas/os pola traza do Camiño Inglés e se adoptarán as medidas precisas para que se transite con seguridade”*

Con todo, a comisión quere trasladar a súa preocupación respecto da proposta de mudar a parada dos autobuses á rúa Manuel Casas porque aprecia un máis que probable conflito na mobilidade urbana e unha incidencia negativa na contorna.

- **Rúa Real, nº. 37.**

Nivel de protección: IV. Ambiental. Ficha nº. 882300. Área BIC CH. TA, TF, TB.

Actuación proxectada: renovar a cuberta, illar o patio interior cun sistema SITE e intervir nas galerías.

Ditame:

A cuberta que se proxecta non se axusta ao previsto na ficha que lle corresponde ao edificio, que establece a obriga de acomodala coa normativa, conformar un ático, segundo o establecido no artigo 97 do PEPRI, toda vez que a intervención que se proxecta ten un alcance maior que o mero mantemento e conservación da cuberta existente.

O illamento do paramento da fachada ao patio pode realizarse cun sistema SITE, pois carece de valor aos efectos da súa específica protección.



Autorízanse as labores de mantemento e conservación das galerías.

- **Rúa Galera nº. 30**

Nivel de protección: Sen protección. Área respecto BIC, CH.

Actuación proxectada: Illar as fachadas principal e posterior co sistema SITE.

Obxecto da consulta: Avaliar a admisibilidade do illamento.

Ditame:

Logo de avaliar as alegacións achegadas pola interesada a comisión reitérase no seu ditame anterior:

*“O sistema de illamento SITE, non se atopa entre os previstos no artigo 106 do PEPRI”*

*En xeral na fachada principal debe conservarse o volume ao exterior e a posición dos ocos respecto a dita fachada, polo que o illamento deberá realizarse no interior.*

*Se a fachada principal do edificio saliéntase respecto das fachada dos edificios lindeiros, e a rúa resulta estreita este sistema que supón un incremento do volume na fachada polo que o illamento deberá realizarse polo interior.*

*Respecto da fachada do edificio sobre o patio interior, si non ten ningunha característica salientable nin conta con ningún elemento que a defina, pode autorizarse”*

*Se o edificio ten unha presenza moi significativa, polas súas características, no contorno de percepción e os ocos das fiestras son tamén singulares, o sistema de illamento SITE dá unha visión aplanada e unifica as fachadas dos edificios, o que resulta incompatible coa percepción das singularidades propias de cada unha delas, polo que o sistema SITE para illar as fachadas non resulta admisible.*

- **Paseo Méndez Nuñez, nº. 5**

Nivel de protección: II Integra. Ficha nº. 85204401.

Actuación proxectada: Intervencións e catas na estrutura da segunda planta do edificio da Terraza para estudiala.

Obxecto da consulta: Admisibilidade das intervencións e condicións para a súa realización. Catas e derruba de elementos interiores.

Ditame:

As intervencións que se proxectan para eliminar a distribución moderna existente e coñecer a estrutura da segunda planta do edificio da Terraza, infórmanse favorablemente.



## Concello da Coruña

- **Rúa Marques de Pontejos, nº. 5 – rúa San Nicolás, nº. 26. Vivendas municipais.**

Nivel de protección: Ambiental IV. Ficha nº. 882540102.

Actuación proxectada: Estudo da reposición das varandas.

Obxecto da consulta: análise das tres opcións que se presentan.

Ditame:

Logo de avaliar as tres propostas que se achegan a comisión considera a opción 3, mantemento da varanda do balcón existente e a instalación de dúas novas nos outros casos, como criterio mais compatible cos principios de protección que informan o PEPRI.

Non en tanto, para emitir un ditame respecto da intervención precísase coñecer polo miúdo as novas varandas que se proxectan, para o que deberá achegarse a documentación que as defina axeitadamente.

- **Rúa Panaderas, nº. 19**

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha nº. 8225021.

Actuación proxectada: Rehabilitar edificio de 8 vivendas.

Obxecto da consulta: Viabilidade do novo volume que se proxecta debido á protección da escaleira.

Ditame:

Infórmase favorablemente a intervención que se proxecta ao xustificarse o novo volume no patio debido á protección da posición da escaleira. Tendo en conta que o paso por este será público e o tratamento estes paramentos do edificio a este espazo, como fachada, o axeitado é a solución da segunda alternativa proposta con fachada en galería.

Respecto do tratamento da última planta na fachada da parte posterior infórmase favorablemente, por resultar compatibles co previsto na ficha do catálogo e nos artigos 70 e 80 do PEPRI.

- **Rúa Socorro, nº. 9**

Nivel de protección: Ambiental IV. Ficha nº. 8625005.

Actuación proxectada: illamento con sistema SITE.

Obxecto da consulta: compatibilidade da catalogación do inmovible co illamento exterior con sistema SITE

Ditame:

O edificio está catalogado con nivel de protección ambiental. O illamento exterior co sistema SITE aplan a percepción do edificio que ten este interese de nivel ambiental e desvirtúa os elementos de fachada que o caracterizan, polo que se informa desfavorablemente, consonte os artigos 70, 80 e 106 do PEPRI.



- **Rúa Amargura nº. 8**

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha nº 9223304.

Actuación proxectada: Legalización da reixa da ventilación na vivenda.

Obxecto da consulta: Compatibilidade coa normativa de dispor unha reixa circular de plástico para ventilación, obxecto de sentenza.

Ditame:

A reixa circular de plástico para ventilación non é un elemento esencial para a habitabilidade desta vivenda. Existen outras solucións técnicas para ventilar, tendo en conta principalmente que este edificio, catalogado, nunca necesitou para ventilar deste conduto que, en contra do establecido polo Plan Especial, PEPRI, e a lexislación de protección do Patrimonio cultural, deturpa o muro especialmente protexido polo que esta Comisión non pode entendelo como legalizable.

- **Rúa San Roque nº. 11-13**

Nivel de protección: Sen protección.

Actuación proxectada: Avaliar o sistema de illamento, SITE, con moldura.

Obxecto da consulta: Alegacións ao ditame por dispor o SITE, que se informou desfavorablemente por non preverse o sistema no PEPRI, subliña que fará as molduras co mesmo sistema SITE.

Ditame:

A nova proposta que se achega subliña que, para evitar a uniformización da fachada do edificio, proxecta reproducir as molduras cos materiais do sistema SITE. Esta proposta contravén o establecido nos artigos 105 e seguintes do PEPRI respecto da prohibición de realizar imitacións dos elementos arquitectónicos característicos, sobre todo porque previamente se fan desaparecer.

- **Rúa San Andrés, nº. 22**

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha nº 8624305. TB.

Actuación proxectada: Conservación, consolidación e substitución dos elementos da carpintería das galerías do edificio.

Obxecto da consulta: A nova documentación busca cumprir as determinacións do ditame, as varandas son as mesmas do edificio nº 20 da rúa San Andrés e só substituirán as pezas nomeadamente por próteses.

Ditame:

A nova documentación acomódase ao recollido nos anteriores ditames, polo que se informa favorablemente.



## Concello da Coruña

- **Rúa Sinagoga, nº. 4 e 4D.**

Nivel de protección: Pendente de catalogación.

Actuación proxectada: Reestruturar o edificio.

Obxecto da consulta: Viabilidade da proposta.

Ditame:

A proposta volumétrica que se presenta infórmase favorablemente, sen prexuízo dun estudo máis polo miúdo dos paramentos. en especial da parede medianeira, de xeito que este proxecto básico poida modificarse segundo o resultado de todos os estudos de investigación arqueolóxica, coa oportuna protección dos achados de interese, para a comprensión histórica global do edificio.

Dos resultados da dita investigación darase conta a esta Comisión.

- **Rúa Orzan, nº. 67**

Nivel de protección: IV Ambiental, Ficha nº: 8523108

Actuación proxectada: Reformar o edificio para mellorar a accesibilidade e instalar un ascensor.

Obxecto da consulta: Compatibilidade do proxectado coa normativa.

Ditame:

O proxecto que se achega cumpre as determinacións da normativa do Plan Especial e, nomeadamente, o réxime de protección (artigo 70 e 80), polo que se informa favorablemente sen prexuízo dos resultados do control arqueolóxico.

- **Rúa Orzán, 137**

Nivel de protección: IV. Ambiental Ficha nº: 8321310

Actuación proxectada: Solicitud de compatibilidade coa normativa do uso aparcamento en planta baixa deste edificio.

Obxecto da consulta: Tratamento da fachada, obriga de recuperar o oco do portal e as características da porta

Ditame:

O oco da porta da garaxe deberá recuperarse de xeito que quede ao mesmo nivel rasante que a porta do portal.

- **Rúa Real, nº. 27 - 3º**

Nivel de protección: II Integral. Ficha nº. 8823014.





## Concello da Coruña

Actuación proxectada: Rehabilitar a vivenda.

Obxecto da consulta: Condicións a impoñer, nomeadamente o tratamento do chan de teca sobre o que se proxecta un taboleiro de madeira. Non presenta nos planos o tabique da fachada detrás da galería e a carpintería non semella de madeira.

Ditame:

O solo e os paramentos nun edificio con este nivel de protección integral, artigo 78 do PEPRI, deben permanecer e protexerse.

As carpinterías teñen que ser de madeira, consonte o artigo 115 do PEPRI, a cristalería sinxela e as características reproducirán a orixinal.

Respecto dos ocos da fachada ao calexón da Estacada, debe comprobarse e xustificarse se se trata dunha galería ou son ventás dispostas no espazo dun antigo balcón, o que resulta determinante para autorizar a intervención proposta para estas, xa que sería posible no caso de non tratarse dunha galería.

- **Praza María Pita, nº. 12 – 3º**

Nivel de protección: I Monumental. Ficha nº. 9023209.

Actuación proxectada: Reformar os baños e a cociña da vivenda.

Obxecto da consulta: Condicións a impoñer nesta intervención.

Ditame:

As galerías deste edificio teñen a categoría de excepcionais, contan con protección de nivel monumental polo que, en ningún caso, poden ser obxecto de modificacións. Calquera intervención nestes elementos ten que vir debidamente documentada para autorizarse, consonte o artigo 23 do PEPRI. Advírtese con todo que teñen que conservarse todas as carpinterías da vivenda, tamén as interiores, como as dos armarios que, no seu caso, poderán ser restauradas.

- **Rúa Orzán, nº. 35 – 2º**

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha nº. 8624303. TF

Actuación proxectada: Reformar o interior desta vivenda, sen intervir na galería

Obxecto da consulta: Condicións a impoñer e esixencia de mellorar a situación da galería.

Ditame:

As obras proposta ditamínanse favorablemente. Con respecto á galería, esta é un elemento desconforme de xeito que, de proxectar intervirse nela, deberá recuperarse a terraza e retirala para dispor na planta o recuado establecido.



- **Rúa Real nº. 64 - baixo (antiga Xoiería Salamanca)**

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha nº. 8622322. Baixo comercial Protexido.

Actuación proxectada: Reformar o local para implantar unha pastelería recuperando o seu estado orixinal.

Obxecto da consulta: Compatibilidade coa normativa da modificación dos paramentos e as molduras existentes.

Ditame:

O portal deste edificio, que conta con protección de nivel ambiental, está expresamente protexido, polo que o proxecto que se achegue para reformar o baixo comercial ten que incluír un inventario que relacione e describa todos os elementos protexidos, as molduras, os teitos, o mobiliario, etc. Debe terse en conta tamén que todas as carpinterías están protexidas e teñen que conservarse, e os elementos que se proxecte dispor para desenvolver a nova actividade nunca poderán afectar nin substituír aos elementos protexidos.

Respecto do rotulado da xoiería ao que se fai referencia, tendo en conta que non é o orixinal, pode dispoñerse este coa denominación da nova actividade reproducindo a grafía e a tipoloxía do orixinal.

- **Rúa Metrosidero nº. 7**

Nivel de protección: I Monumental. BIC Conxunto Histórico. Ficha nº. 9225301.

Actuación proxectada: Obras de conservación e limpeza das cornixas e das franxas de pedra.

Obxecto da consulta: Condiciones a impoñer, e remitir á Dirección Xeral de Cultura.

Ditame:

Infórmanse favorablemente as obras de conservación e limpeza que se solicitan coa condición de que se executen por persoal experto e non se usen, en ningún caso, produtos ou materiais abrasivos que poidan afectar negativamente aos elementos a protexer.

- **Rúa Mantelería, nº 1- baixo**

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha nº. 8421213.

Actuación proxectada: Reformar o local para implantar a actividade de hostalaría.

Obxecto da consulta: Se a intervención proposta na fachada resulta compatible co nivel de protección deste edificio.

Ditame:

As obras proxectadas ditamínanse favorablemente. A saída da ventilación debe incorporarse na carpintería e non nos muros que non poden deturparse con estes elementos, consonte o réxime de protección establecido nos artigos 70 e 80 do PEPRI.



- **Rúa Veramar, nº. 23**

Nivel de protección: Sen protección

Actuación proxectada: Reformar as fachadas e as cubertas do edificio cun sistema SITE.

Obxecto da consulta: Se o sistema cun acabado cerámico resulta conforme coa normativa, e a modificación da cuberta, segundo os artigos 97 e 118 do PEPRI, porque presenta un incremento do volume que se produce ao dispor as caixas das escaleiras que se proxectan ata esta, tamén se modifica a súa configuración ao dispor unha parte plana para instalar paneis solares.

Ditame:

Consonte o establecido nos artigos 97 e 118 do PEPRI, non se permite a alteración da cuberta nin o incremento de volume que se proxecta coas caixas das escaleiras. Este edificio, que non conta con protección específica, forma parte dun conxunto edificatorio, polo que os acabados do illamento exterior que se proxecta teñen que harmonizar en cores, texturas e materiais xa existentes no resto de dito conxunto.

- **Rúa San Andrés nº. 161, 1º e 2º**

Nivel de protección: Sen protección

Actuación proxectada: Solicitud de ditame sobre a viabilidade de cambiar o uso de oficinas a vivendas nas plantas 1ª e 2ª

Obxecto da consulta: Compatibilidade do uso residencial coa normativa, e o alcance das obras necesarias para implantalo, obriga de intervir na accesibilidade do portal, ascensor e nas condicións da accesibilidade, e se o proxecto pode ser asinado por un arquitecto técnico.

Ditame:

O cambio de uso a vivenda resulta compatible co réxime establecido con este Plan especial, PEPRI. As condicións do cambio de uso veñen determinadas pola xustificación do cumprimento da normativa de habitabilidade que será obxecto do informe da Oficina Técnica municipal.

- **Rúa Durán Loriga, nº. 10.**

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha nº. 8421015.

Actuación proxectada: Repoñer a tarima do chan da biblioteca municipal de Estudos Locais.

Obxecto da consulta: Viabilidade da proposta.

Ditame:

As obras que se proxectan infórmanse favorablemente por resultar compatibles cos artigos 70 e 79 do PEPRI.



## Concello da Coruña

- **Rúa Santa Catalina, nº. 17.**

Nivel de protección: III Estructural. Ficha nº. 8421012. (*Local comercial catalogado*)

Actuación proxectada: Reformar o local para implantar un uso comercial.

Obxecto da consulta: : Compatibilidade da reforma que se proxecta co réxime do catálogo.

Ditame:

A reforma do establecemento para implantar un uso comercial resulta compatible co réxime de protección estrutural do edificio sempre que non altere os elementos catalogados, que deberán vir relacionados no proxecto que se achegue.

Nomeadamente, deberá respectarse a barra, os pavimentos hidráulicos, as carpintarías exteriores e interiores e o letreiro que refire o anuncio “Café Molino”.

- **Rúa Sinagoga, nº. 12**

Nivel de protección: IV Ambiental. Fichas nº.: 9423106.

Actuación proxectada: Derrubar a fachada da planta 1ª deste edificio catalogado

Obxecto da consulta: Admisibilidade da derruba da fachada catalogada.

Ditame:

Logo de avaliar a situación do inmovible, a comisión estima que con carácter urxente deberán adoptarse as medidas necesarias de seguridade para garantir a estabilidade e integridade da fachada que, en ningún caso, pode ser derrubada nin alterada, nin se autorizarán intervencións nesta que podan levar á súa destrución, toda vez que está catalogada, consonte os artigos 70, 80 e a ficha do catálogo do PEPRI que lle corresponde ao edificio.

- **Rúa Real, nº. 37**

Nivel de protección: IV. Ambiental. Ficha nº. 882300. Área BIC CH. TA, TF, TB

Actuación proxectada: Renovar a cuberta, illar o patio interior cun sistema SITE e intervir nas galerías

Obxecto da consulta: Avaliar a intervención no ático recuado para o que se xustifica o cumprimento da normativa.

Ditame:

A comisión reitera o ditame anteriormente emitido.

- **Rúa Santiago, nº. 1-1º**

Nivel de protección: sen protección.



# Concello da Coruña

Actuación proxectada: Reformar o piso para implantar unha nova vivenda.

Obxecto da consulta: Viabilidade do cambio de uso.

Ditame:

A comisión avalía conxuntamente as reformas que se proxectan no piso 1º, obxecto deste expediente, e o piso 2º.

O uso residencial resulta compatible coas previsións do Plan especial, PEPRI, sen prexuízo de que se xustifique o cumprimento da normativa que establece as condicións de habitabilidade das vivendas de Galicia, que será obxecto de informe da Oficina Técnica municipal.

- **Rúa Tabernas nº. 24-2º**

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha nº. 9222014

Actuación proxectada: Reformar o interior da vivenda.

Obxecto da consulta: Avaliar o proxecto respecto da fachada á Mariña. Na nova documentación, inclúese a conservación da cambota da cociña e a documentación histórica esixible.

Ditame:

Logo de avaliar a nova documentación achegada, infórmase favorablemente as obras proxectadas.

- **Rúa San Agustín nº 11 -1º**

Nivel de protección: III. Estrutural. Ficha nº. 8924306

Actuación proxectada: Cambiar as carpintarías da 1ª planta, Non contan con persianas e atópanse moi deterioradas.

Obxecto da consulta: Avaliar a solución de dispor as carpinterías de madeira, vidro simple cun sistema abatible e cunha contraventá de madeira casa ao interior.

As carpinterías son resoltas en madeira e vidro simple. O sistema de apertura é abatible e cunha contraventá tamén de madeira na cara interior de cada ventá.

Ditame:

As carpintarías están catalogadas polo que, consonte o réxime de protección de nivel estrutural, teñen que conservarse.

O sistema de escurecemento será o previsto polo artigo 115.2 parágrafo 5 do PEPRI, que establece a preferencia das contrafiestras, fraileiros e cuarteiróns que deberán ser pintados na mesma cor que as fiestras.

Infórmase a solicitude desfavorablemente.



# Concello da Coruña

- **Praza María Pita, nº 10-1º**

Nivel de protección: I Monumental. Ficha núm. 9123301

Actuación proxectada: reformar o interior do inmoble para recuperar o uso de vivenda.

Obxecto da consulta: O ditame de maio do 2024 considerou que:

*Consonte ao establecido nos artigos 23 e 75 do PEPRI, para avaliar a compatibilidade das obras que se proxectan coa normativa do Plan Especial e coa ficha do Catálogo, deberá achegar coa solicitude a relación documental contida nos ditos preceptos.*

A nova documentación inclúe a Memoria Histórica e anexa unha reportaxe fotográfica e os elementos característicos do piso no estado actual como uso de oficina, cómpre avaliar se as obras resultan compatibles co réxime de protección do edificio.

Ditame:

Logo de comprobar a nova documentación, a intervención que se proxecta infórmase favorablemente, consonte os artigos 23 e 75 do PEPRI.

- **Rúa Marqués de Pontejos, nº. 5 – rúa San Nicolás, nº. 26. Vivendas municipais**

Nivel de protección: Ambiental IV. Ficha nº. 882540102

Actuación proxectada: Rehabilitar o edificio.

Obxecto da consulta: Avaliar as balcaneiras que se proxectan.

Ditame:

Logo de estudar a documentación que se achega coa proposta de intervención nas balcaneiras, que se acomodan ao réxime de protección de nivel ambiental, infórmase favorablemente.

- **Rúa San Andrés, nº 88**

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha nº 8422206

Actuación proxectada: Rehabilitar o edificio destinado a 4 vivendas de promoción pública

Obxecto da consulta: avaliar o acristalamento dobre que se proxecta e o sistema previsto para reformar a estrutura, de forxado mixto con chapa colaborante e vigas metálicas sobre os muros de carga.

Ditame:

O sistema que se proxecta para intervir na estrutura infórmase favorablemente por resultar compatible co réxime de protección ambiental deste edificio, artigos 70 e 80 e ficha do catálogo do PEPRI.

O sistema de acristalamento será sinxelo de xeito que non afecte ás características da carpintaría de madeira, que será das características da orixinal e observará as condicións do artigo 115.5 do PEPRI.



- **Rúa Santiago, nº 6**

Nivel de protección: Ambiental. Ud. Parcelaria 9222003

Actuación proxectada: Obra de rehabilitación de local para acondicionamento como ximnasio e outros usos complementarios.

Obxecto da consulta: Avaliar se a instalación de elementos na fachada cumpre os requisitos do PEPRI e é adecuada no inmovible, segundo no ámbito do CH no que se encontra.

Ditame:

Logo de comprobar o letreiro anunciador da actividade que se ten disposto na fachada da planta baixa do edificio, sen autorización, infórmase desfavorablemente.

Deberá disporse nas condicións e forma establecidos no artigo 124 do PEPRI.

- **Rúa Varela Silvari, nº 39**

Nivel de protección: área de influencia do Conxunto Histórico declarado BIC

Actuación proxectada: Reforma da planta baixa.

Obxecto da consulta: Avaliar se o recuado que se solicita se axusta á normativa e na contorna catalogada do edificio.

Ditame:

A solución que se presenta resulta incompatible coas determinacións do PEPRI, polo que ten que estudarse unha intervención que permita dispor a porta de acceso ao nivel da rúa, e a rampla que se solicita atrás desta.

Os acabados teñen que definirse e xustificar que se axustan ás determinacións establecido nos artigos 106 respecto dos materiais e elementos e 107 respecto das cores, do PEPRI.